



Concello da Estrada

PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA O SERVIZO
“CAMPUS DEPORTIVO DO CONCELLO DA ESTRADA DURANTE O ANO 2018”

1.- OBXECTO DO PREGO

O presente Prego de Condicións ten por obxecto definir as condicións técnicas do contrato de servizo para a coordinación e realización da actividade dos Campus Deportivos que se van a levar a cabo no Concello da Estrada durante o ano.

2.- XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO

A finalidade da contratación é poder dar un mellor servizo a todos os nenos e nenas do municipio da Estrada.

Os obxectivos do servizo son os seguintes:

- Fomentar as actividades do periodo vacacional como un proceso formativo, onde os nenos poidan desenvolver e enriquecerse da aprendizaxe das actividades deportivas e lúdicas, así como dos seus valores e actitudes.
- Ofertar un amplo abanico de actividades deportivas para nenos de 5 a 15 anos, potenciando as súas habilidades motrices e o seu desenvolvemento motor.
- Favorecer as relacións sociais e de convivencia entre os nenos e as nenas de diferentes núcleos do concello da Estrada, favorecendo a cohesión social do municipio.
- Promover que os participantes aprendan a respectarse entre eles, os monitores, o material e a contorna.

3.- DESCRICIÓN DO SERVIZO

As características técnicas da prestación, que é obxecto de contratación, son as seguintes:

- A contratación baséase na coordinación e a realización das actividades do Campus deportivos que se levan a cabo no Concello da Estrada ao longo de todo o ano.
- O servizo desenvolvido directamente pola empresa adxudicataria será durante os periodos de tempo da época estival (xullo e agosto) e no tempo de nadal (periodo vacacional de nadal) a indicar polo concelleiro responsable da área de deportes.
- O Campus deportivo realizarase nas instalacións municipais da zona deportiva, así como na carballeira sita na mesma zona.

- Os destinatarios son nenos de 5 a 15 anos.
- O horario das actividades serán de 10:00 a 14:00 horas, de luns a venres, excepto festivos.

4.- IMPORTE MÁXIMO DO CONTRATO

O importe máximo do contrato en cada anualidade non superará os 24.500,00 euros, IVE incluído, con cargo a partida orzamentaria 340.227.07. O presuposto establécese en base os seguintes criterios:

- Estímase un prezo máximo, co 10% de IVE incluído, de 24.500,00 euros pola totalidade do contrato.
- O número máximo de participantes por mes estimados é de 200 rapaces/zas na quenda do mes de xullo e 100 na quenda do mes de agosto. Na quincena de nadal será de 50 rapaces/zas.

5.- PRESTACIÓNS DO CONTRATO

As entidades/empresas interesadas no desenvolvemento dos Campus Deportivos deberán de acreditar documentalmente:

1.- Ter realizado ao longo dos últimos tres anos traballos relacionados co obxecto do contrato, debendo presentar unha relación das principais actividades realizadas en dito período indicando destinatario, importe, datas de desenvolvemento, e número de participantes.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario corresponda o sector privado, unha declaración da empresa ou entidade destinataria.

2.- Acrediten a relación do persoal co que contan para o desenvolvemento do programa, facendo constar a titulación e experiencia de traballo de polo menos un ano na realización de actividades con nenos e nenas en idade escolar. A Titulación do persoal acreditarase mediante certificados expedidos e visados polo órgano competente. A experiencia acreditarase mediante certificación ou informe emitido polo empresario.

3.- As entidades licitadoras concretarán nas súas propostas:

- a) As actividades a realizar, así como a metodoloxía a utilizar para garantir a participación e para a consecución dos obxectivos contemplados neste Prego.
- b) Planning diario de actividades diferenciadas por grupos de idade.
- c) Perfil de monitores participantes, indicando a titulación e formación dos mesmos.
- d) Número máximo e mínimo de participantes por período.
- e) Rateo de participantes/monitor.
- f) Actividades, servizos complementarios ou melloras que se ofertan, indicando número e condicións.
- g) As características do material ofertado e as súas condicións de uso.

4.-A empresa adxudicataria deberá:

- a) Organizar, programar, coordinar, executar e avaliar o desenvolvemento dos Campus Deportivos nos días e horarios contemplados neste prego.
- b) Aportar o persoal especialista preciso para o desenvolvemento das actividades. O persoal non terá ningún tipo de relación laboral contractual ou de outra natureza co Concello da Estrada, debendo a entidade ter debidamente informado ó seu persoal e facendo constar expresamente esta circunstancia nos contratos de persoal que subscriba.
- c) Cumprir todas as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade e hixiene no traballo do persoal o seu cargo.
- d) Comunicar diaramente o departamento de Deportes deste Concello cantas incidencias se produzan na programación e no desenvolvemento das distintas actividades a través dos correos electrónicos que lle serán facilitados o efecto.
- e) A contratación dun seguro de accidentes e responsabilidade civil que garantan as indemnizacións os/as usuarios/as, tanto para as actividades internas como para as externas.
- f) A empresa contratada é responsable do control e seguimento da entrada e saída dos rapaces/zas participantes nas actividades, garantindo que as persoas que recollen os/as rapaces/zas son aquelas que figuran como autorizadas.
- g) Presentación de factura mensual xunto coa relación das actividades desenvolvidas e a listaxe de asistencia de participantes en cada quincena/período.

Non poderán participar nas actividades ningún neno/a que non figure no listaxe que o departamento de Deportes presentará á empresa adxudicataria onde se fará constar o nome, apelidos e idade de cada participante.

h) Facilitar os medios e materiais precisos para o desenvolvemento das actividades.

i) Entregar tanta documentación lle sexa requerida polo responsable técnico do departamento de Deportes, no prazo que se indique, ao longo do periodo de desenvolvemento das actividades.

j) Entrega dunha memoria de actividades dentro do mes seguinte do remate de cada quincena/período (campus deportivo de verán e campus deportivo de nadal)

6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios de valoración que serven de base para a adxudicación son os que se sinalan a continuación:

- Prezo ofertado

Valorarase ata un máximo de 30 puntos, tomando como base o prezo de licitación e repartindo proporcionalmente, partindo da oferta máis económica.

- Valoración das melloras

Valorarase as melloras ata un máximo de 20 puntos, atendendo os seguintes criterios:

- Ata un máximo de 10 puntos. Ampliación do horario. O horario de actividade do campus será de luns a venres de 10 a 14 horas (excepto festivos). Así resultan 20 días de actividade no mes de Xullo e 22 días de actividade no mes de Agosto, que será a duración mínima.
- Ata un máximo de 5 puntos: Titulación e número de profesionais que intervirán no desenvolvemento do proxecto, diferenciando os que se dedican á atención directa dos que desenvolvan tarefas de coordinación. No caso de que compartan ambas tarefas especificarase no proxecto o tempo adicado a cada unha delas.
- Ata un máximo de 5 puntos. Saídas e/ou excursións complementarias con actividades a maiores da programación.

En caso de empate entre dous ou mais contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadore minusválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP.

No caso de empate adxudicarase o contrato á proposta máis económica. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo.

7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

A duración do contrato será dende a formalización do mesmo e no que se contemplan as datas do Campus Deportivo de Verán 2018 (1 de Xullo de 2018 ata o 31 de Agosto do 2018) e do Campus Deportivo de Nadal 2018 (19 de Decembro de 2018 ata o 4 de Xaneiro do 2019), podendo prorrogarse por un ano máis sempre que non se produzan modificacións sustanciais no programa a desenvolver e non exista denuncia do dito contrato por ningunha das partes. As datas da anualidade prorrogada serían no Campus Deportivo de Verán 2019 (1 de Xullo de 2019 ata o 31 de Agosto do 2019) e no Campus Deportivo de Nadal 2017 (18 de Decembro de 2019 ata o 3 de Xaneiro do 2020).

8.- GARANTÍA

Establecese un prazo de garantía de 6 meses.

9.- ABONO DE SERVIZO

O pago das actuacións á entidade adxudicataria efectuarase por mes vencido, unha vez presentada a factura no rexistro de entrada do Concello por parte da entidade, indicando o número total de rapaces/zas participantes, detallando o prezo por período facturado, o importe do IVE e o importe total.

O importe total a pagar á empresa adxudicataria nunca será superior ao importe máximo contratado.

A Estrada, 11 de Xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente ao marxe